



CONCELLO DE  
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal  
R. E. L. nº 01150294

exp. 2023/G010/000007

ANUNCIO

**En sesión plenaria celebrada o 26.06.2023 acordouse a adicación exclusiva da Concellería de Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medioambiente, co seguinte contido:**

*“Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 28 de maio e constituída a nova Corporación Municipal, resulta necesario e conveniente proceder ao establecemento da nova organización municipal e, en particular, á determinación das retribucións que percibirán os membros das Corporacións Locais tanto no referente ás dedicacións exclusivas como á asistencia a Órganos Colexiados ou as indemnizacións por razón do servizo nos termos que regula o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Por todo isto, esta Alcaldía, considerando que é necesario que o cargo de Concellería de Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medio Ambiente do Concello se desenrole en adicación exclusiva no 100% da xornada, formula ao Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

**Primeiro.-** *Recoñecer a adicación exclusiva no 100% da xornada para o mandato 2023-2027 ao cargo de Concellería de Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medio Ambiente do Concello, cunhas retribucións brutas anuais de 36.000 euros, incluídas as pagas extraordinarias.*

**Segundo.-** *A persoa que desempeñe o cargo de Concellería de Infraestruturas, Obras, Urbanismo e Medio Ambiente do Concello darase de alta na Seguridade Social con efectos do día en que manifieste en escrito presentado por rexistro a aceptación da adicación exclusiva, sempre que non estea sometido a autorización de compatibilidade polo pleno, caso no que se dará de alta con efectos do día en que se conceda a compatibilidade.*

**Terceiro.-** *Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Corporación e sede electrónica do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.”*

En Coristanco a 4 de xullo de 2023 asinado dixitalmente polo alcalde suplente, Enrique Tasende Lavandeira